Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

Última versión

MODIFICACIONES

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia
Anexo 1 nova redacción por disposición derradeira primeira.

Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
Anexo 2 nova redacción por disposición derradeira segunda.

Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
Anexo 2 nova redacción por disposición derradeira primeira.

Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas
Anexo 2 nova redacción por disposición derradeira primeira.

Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia
Anexo 2 nova redacción por disposición derradeira segunda.

O 14 de abril de 1999 entrou en vigor a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30 /1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta lei dictouse en virtude das competencias que lle atribúe ó Estado o artigo 149.1.18 da Constitución española para regula-las bases do réxime xurídico das administracións públicas por unha banda e, directamente, por outra, o procedemento administrativo común.

As modificacións máis salientables da lei refírense á obriga de resolver, regulada no artigo 42; ó silencio administrativo, regulado no artigo 43; e á revisión dos actos en vía administrativa, regulada no título VII. Estas novidades fan precisa unha intervención lexislativa da Comunidade

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Autónoma no exercicio das competencias que lle recoñecen o artigo 27.1 do Estatuto de autonomía para Galicia respecto da organización das súas institucións de autogoberno e o artigo 27.5 respecto dos procedementos administrativos que deriven do específico dereito galego e da organización propia dos poderes públicos galegos, ademais dos títulos competenciais referidos ás materias substantivas afectadas polos respectivos procedementos.

O contido desta lei céntrase nos aspectos citados, sen prexuízo da necesidade de adoptar outras iniciativas normativas, que non requiran norma con rango de lei, para adecuar outros aspectos da lei a esta Comunidade Autónoma. En canto ó prazo máximo no que debe notificarse resolución expresa, o artigo 42 sofre unha profunda modificación, establecendo, na falta de norma reguladora específica, un prazo xeral supletorio de duración dos procedementos administrativos de tres meses, sen que en ningún caso poida supera-lo de seis meses, agás que unha norma con rango de lei estableza o contrario ou así se prevexa na normativa comunitaria europea.

A necesidade dun procedemento áxil e breve debe compatibilizarse coa existencia de procedementos especialmente complexos, nos que, como excepción, o prazo máximo con carácter xeral pode considerarse insuficiente para dictar unha resolución axustada a dereito e coas debidas garantías. Isto implica a necesidade de fixar un prazo superior, o que necesariamente debe efectuarse por unha norma de rango legal.

No caso das subvencións e axudas públicas, a necesidade de amplia-lo prazo máximo de duración do procedemento vén determinada polo feito de que, computándose o prazo desde a data do acordo de iniciación, tal como se establece no artigo 42.3.a) da Lei 30/1992, que neste caso será a correspondente convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes estará comprendido dentro do prazo de duración do procedemento. Así as cousas, o mantemento dos prazos xerais implicaría en moitos casos a necesidade de reducir estes prazos de solicitude, o que resultaría contrario ós intereses dos cidadáns.

En canto ó silencio administrativo, o artigo 43 prevé con carácter xeral o silencio positivo, exceptuándose só cando unha norma con rango de lei ou norma comunitaria europea estableza o contrario. Unha regulación equilibrada e razoable desta institución leva a excluír da norma xeral aqueles procedementos nos que a importancia dos intereses xerais en xogo, ou a existencia de intereses particulares contrapostos, impiden que a inactividade da administración poida conducir á conculcación deste interese xeral ou de intereses particulares igualmente merecentes de protección, o que tamén fai necesaria a fixación en norma de rango legal destes supostos excepcionais. Ademais disto, inclúense determinados procedementos nos que o silencio ten efectos desestimatorios en aplicación da propia Lei 30/1992, ben por seren iniciados de oficio ou ben por se incluíren nas excepcións que ela establece, considerándose conveniente a súa inclusión por razóns sistemáticas e, en definitiva, de seguridade xurídica.

Tamén recolle a lei a determinación dos órganos competentes para a revisión de actos en vía administrativa de xeito semellante ó efectuado noutras administracións públicas, se ben adaptándoo ás propias necesidades organizativas da Comunidade Autónoma.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

O artigo 4 indica as resolucións que poñen fin á vía administrativa, adaptando á organización da Comunidade Autónoma as previsións dos parágrafos c) e d) do artigo 109 da Lei 30/1992.

De xeito semellante, os artigos 5 e 6 adaptan a organización desta Comunidade Autónoma ó establecido na Lei 30/1992 respecto dos órganos competentes para resolve-las reclamacións en materia de responsabilidade patrimonial da administración e reclamacións previas á vía xudicial civil.

A disposición adicional primeira especifica qué debe entenderse por rexistro do órgano competente para tramitar un procedemento, co fin de facilitarlles ós interesados o cómputo dos prazos máximos nos que debe notificarse resolución expresa.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 1. Prazo máximo de duración dos procedementos.

1. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa nos procedementos administrativos que se indican no anexo desta lei será o establecido para cada un deles no anexo citado.

2. O prazo máximo de duración dos procedementos de concesión de subvencións ou calquera outra axuda pública será o establecido na correspondente convocatoria ou na normativa reguladora, sen que en ningún caso poida exceder de nove meses, agás o disposto na normativa comunitaria europea. Este prazo computarase desde a data da convocatoria ou desde a solicitude do interesado cando o procedemento sexa iniciado por este e se indique así na convocatoria ou na normativa reguladora.

Artigo 2. Silencio administrativo.

Sen prexuízo da obriga da administración de dictar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo nos procedementos nos que así se establece no anexo desta lei se ó vencemento do prazo máximo establecido en cada caso non se notificou resolución expresa.

Nos procedementos de concesión de subvencións ou de calquera outra axuda pública que se inicien por solicitude do interesado, esta entenderase desestimada por silencio administrativo se ó vencemento do prazo establecido en cada caso non se dictou resolución expresa.

Artigo 3. Competencia para a revisión de actos administrativos.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

1. Serán competentes para resolve-los procedementos de revisión de oficio dos actos administrativos nulos, declara-la lesividade dos anulables e revoga-los de gravame ou desfavorables:

a) O Consello da Xunta respecto dos seus propios actos ou dos actos das súas comisións delegadas.

b) Os conselleiros respecto dos seus propios actos e dos dictados por órganos deles dependentes, así como dos actos dos órganos superiores de goberno dos organismos autónomos e entes de dereito público que teñan adscritos, agás que na respectiva lei de creación se dispoña outra cousa.

c) Os órganos superiores de goberno dos organismos autónomos e entes de dereito público respecto dos actos dictados por órganos deles dependentes.

2. A rectificación de erros materiais, de feito ou aritméticos corresponderalle ó propio órgano administrativo que dictou o acto.

3. Será competente para resolve-lo recurso extraordinario de revisión o propio órgano administrativo que dictou o acto obxecto do recurso.

Artigo 4. Fin da vía administrativa.

Poñen fin á vía administrativa, salvo que por lei especial se estableza o contrario, as resolucións dos órganos seguintes:

a) As do Consello da Xunta, as do seu presidente e as das súas comisións delegadas.

b) As dos conselleiros.

c) As dos secretarios xerais e directores xerais en materia de persoal.

d) As dos órganos superiores de goberno de organismos autónomos e dos entes públicos cando exercitan competencias administrativas.

e) As das demais autoridades cando así o estableza unha disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 5. Responsabilidade patrimonial.

Será competente para resolvelos procedementos de responsabilidade patrimonial o conselleiro respectivo, agás que unha lei especial lle atribúa a competencia ó Consello da Xunta.

No caso dos organismos autónomos ou entes de dereito público, será competente o titular da consellería á que estean adscritos, agás que a súa lei de creación dispoña outra cousa.

Artigo 6. Reclamación previa á vía xudicial civil.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

A reclamación presentarase perante o conselleiro competente por razón da materia obxecto da reclamación.

Disposicións adicionais

Primeira.- Determinación do rexistro do órgano competente para a tramitación de solicitudes.

1. No ámbito da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos do artigo 42.3.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, enténdese por rexistro do órgano competente para a tramitación dunha solicitude calquera dos rexistros da consellería competente para inicia-la súa tramitación.

2. Para estes efectos, o Rexistro Xeral da Xunta de Galicia será considerado como rexistro da Consellería da Presidencia e Administración Pública e das secretarías xerais dependentes do presidente da Xunta de Galicia.

3. Para os mesmos efectos, para o caso de organismos autónomos e entes de dereito público, enténdese por rexistro do órgano competente para a tramitación dunha solicitude calquera dos rexistros do órgano ou ente competente para inicia-la súa tramitación.

Segunda.- Normativa aplicable para os procedementos administrativos carentes de regulación específica.

administrativos que carecen de regulación específica en normas autonómicas, será aplicable o que as leis estatais dispoñan respecto do seu prazo máximo de duración e do sentido, estimatorio ou desestimatorio, que se lle atribúa á falta de resolución expresa no prazo sinalado.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Desenvolvemento normativo da lei.

A Xunta de Galicia dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Segunda.- Entrada en vigor da lei.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2001

Manuel Fraga Iribarne

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Presidente

Anexo I

Relación de procedementos de duración superior a 6 meses

Consellería da Presidencia e Administración Pública

Tipo de procedemento: Proceso selectivo de persoal funcionario ou de persoal laboral.

Prazo de duración: 9 meses.

Normativa reguladora: Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

— Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consellería de Economía e Facenda

Tipo de procedemento: Cesión gratuíta de bens inmobles.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

— Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3 /1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Tipo de procedemento: Deslindamento de bens do patrimonio da Comunidade Autónoma.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

— Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3 /1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Tipo de procedemento: Concesión do premio previsto en relación coa sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma.

Prazo de duración: 18 meses.

Normativa reguladora: Decreto 94/1999, do 25 de marzo, sobre réxime administrativo da sucesión intestada en favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Tipo de procedemento: Adxudicación de vivendas de protección oficial de promoción pública.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Decreto 98/1992, do 26 de marzo, polo que se regula o financiamento e a adxudicación de vivendas de promoción pública.

Tipo de procedemento: Procedemento sancionador en materia de vivenda.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Lei de Galicia 13/1996, do 30 de decembro, de infraccións e sancións en materia de vivenda.

— Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei sobre vivendas de protección oficial, texto refundido aprobado polos decretos 2131/1963, do 24 de xullo, e 3964/1964, do 3 de decembro.

Tipo de procedemento: Desafiuzamentos administrativos en materia de vivenda.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei sobre vivendas de protección oficial, texto refundido aprobado polos decretos 2131/1963, do 24 de xullo, e 3964/1964, do 3 de decembro.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Consellería de Industria e Comercio

Tipo de procedemento: Outorgamento de permisos de investigación das seccións C e D.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

— Regulamento xeral para o réxime da minería, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

Tipo de procedemento: Autorización/ concesión de aproveitamento de recursos mineiros da sección B (estructuras subterráneas).

Prazo de duración: 36 meses.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

— Regulamento xeral para o réxime da minería, aprobado polo Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto.

Tipo de procedemento: expediente sancionador ou de caducidade en materia de minas.

Prazo de duración: doce meses.

Normativa reguladora: Lei de ordenación da minaría de Galicia.

Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo

Tipo de procedemento: Concesión de emisoras municipais e comerciais de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.

Prazo de duración: 3 anos.

Normativa reguladora: Lei estatal 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións.

— Decreto 156/1989, do 27 de xullo, polo que se establece o procedemento de concesión de emisoras de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, modificado polo Decreto 35/1992, do 6 de febreiro.

Tipo de procedemento: Concesión de servicios de radiodifusión sonora e televisión dixital terreal.

Prazo de duración: 3 anos.

Normativa reguladora: Lei estatal 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (disposición adicional 44.ª).

Tipo de procedemento: Procedemento de delimitación do Camiño de Santiago.

Prazo de duración: 5 anos.

Normativa reguladora: Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago.

Consellería de Sanidade e Servicios Sociais

Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tipo de procedemento: Autorización de alteración do termo municipal.

Prazo de duración: 2 anos.

Normativa reguladora: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Tipo de procedemento: Resolucións das cuestións de deslindamentos de termos municipais que se susciten entre municipios.

Prazo de duración: 12 meses.

Normativa reguladora: Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

Consellería de Medio Ambiente

Tipo de procedemento: Deslindamento de montes.

Prazo de duración: 2 anos.

Normativa reguladora: Lei de montes, do 8 de xuño de 1957.

— Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de montes.

— Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Tipo de procedemento: Inclusión no rexistro de espacios naturais de Galicia.

Prazo de duración: 1 ano.

Normativa reguladora: Decreto 82/1989, do 11 de maio, polo que se regula a figura do espacio natural en réxime de protección xeral.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Artigo modificado: Anexo 1 nova redacción por disposición derradeira primeira.

Anexo II

Relación de procedementos nos que o silencio administrativo produce efectos desestimatorios

Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Tipo de procedemento: proceso selectivo de persoal funcionario ou de persoal laboral.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

-Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Tipo de procedemento: procedementos de concursos de traslados de persoal funcionario ou persoal laboral.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

-Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

-Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Tipos de procedementos: procedemento de inscrición como parella de feito no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora:

– Disposición adicional terceira da Lei 6/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

– Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

Tipos de procedementos: solicitudes ou reclamacións en materia de xestión de persoal do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza en Galicia cuxa realización implique efectos económicos actuais ou poida producilos en calquera outro momento.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora:

– Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, modificada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro.

– Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

– Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, polo que se determinan os postos tipo das unidades que integran as oficinas xudiciais e outros servizos non xurisdicionais e as súas correspondentes valoracións, para efectos do complemento xeral do posto dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza.

– Orde PRE/1417/2003, do 3 de xuño, pola que se regulan as retribucións complementarias por servizos de garda do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

– Orde do 2 de decembro de 2009 pola que se aproba un programa de actuación para fomentar a produtividade do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

– Orde do 28 de novembro de 2013 sobre selección e nomeamento de interinos para cubrir postos de funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

– Orde do 29 de setembro de 2014 pola que se establece o procedemento de selección e nomeamento de persoal interino do corpo de médicos forenses e se convoca a correspondente bolsa.

– Orde do 19 de xaneiro de 2010 pola que se determina o complemento autonómico transitorio do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

– Orde do 19 de xaneiro de 2010 pola que se establece o complemento específico do persoal ao servizo da Administración de xustiza destinado no Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga).

– Resolución do 7 de marzo de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regula o horario especial e as condicións de traballo nas oficinas do Rexistro Civil da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

– Resolución do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.

Consellería de Economía e Facenda.

Tipo de procedemento: autorización ás corporacións locais de Galicia das operacións de crédito nos supostos do artigo 54 da Lei 39/1998, do 28 de decembro, de facendas locais.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei 39/1998, do 28 de decembro, de facendas locais.

Tipo de procedemento: cesión gratuíta de bens inmobles.

Sentido do silencio: negativo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Normativa reguladora: Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

-Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3 /1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Tipo de procedemento: deslindamento de bens do patrimonio da Comunidade Autónoma.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

-Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3 /1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Tipo de procedemento: recuperación da posesión dos bens da Comunidade Autónoma.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

-Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 3 /1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

Tipo de procedemento: concesión do premio previsto en relación coa sucesión intestada a favor da Comunidade Autónoma.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Decreto 94/1999, do 25 de marzo, sobre réxime administrativo da sucesión intestada en favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tipo de procedemento: autorización para exerce-la actividade das corredorías de seguros con domicilio e ámbito de operacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados.

-(Normativa autonómica en fase de tramitación).

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Tipo de procedemento: autorización de verteduras ó mar.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

-Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Tipo de procedemento: outorgamento de concesións de utilización do dominio público portuario.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante.

-Lei estatal 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

-Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

Tipo de procedemento: autorización autonómica previa á licencia municipal para construccións e instalacións en solo rústico.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

-Resolución da COTOP do 14 de maio de 1991 mediante a que se publican as Normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Tipo de procedemento: autorización de edificacións en núcleos rurais preexistentes de concellos sen planeamento urbanístico.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: resolución da COTOP do 14 de maio de 1991 mediante a que se publican as Normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Tipo de procedemento: autorización para a utilización ou a execución de calquera tipo de obras ou instalacións na zona de servidume das estradas de competencia da Comunidade Autónoma.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei de Galicia 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tipo de procedemento: acreditación de laboratorios de ensaio para a realización do control de calidade na edificación con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Decreto 441/1990, do 6 de setembro, polo que se aproba o sistema para a acreditación de laboratorios de ensaio para o control da calidade da construcción, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tipo de procedemento: cualificacións e declaracións, provisionais e definitivas, de actuacións protexibles en materia de vivenda e solo.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 3148/1978, do 10 de novembro, polo que se desenvolve o Real decreto lei 31/1978, do 31 de outubro, sobre política de vivenda.

-Real decreto 1186/1998, do 12 de xuño, sobre medidas de financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan 1998-2001.

-Decreto 345/1998, do 20 de novembro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 1186/1998, do 12 de xuño, para o período 1998-2001.

Tipo de procedemento: descualificación de vivendas sometidas a algún réxime de protección.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 3148/1978, do 10 de novembro, polo que se desenvolve o Real decreto lei 31/1978, do 31 de outubro, sobre política de vivenda.

-Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei sobre vivendas de protección oficial, texto refundido aprobado polos decretos 2131/1963, do 24 de xullo, e 3964/1964, do 3 de decembro.

Tipo de procedemento: adxudicación de locais de negocio para o caso de que non fosen adxudicados en poxa pública por falta de licitadores.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Decreto 125/1998, do 16 de abril, sobre normas de adxudicación de locais de negocio do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Tipo de procedemento: autorización de cambios de titularidade de vivendas de promoción pública.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 3148/1978, do 10 de novembro, polo que se desenvolve o Real decreto lei 31/1978, do 31 de outubro, sobre política de vivenda.

-Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei sobre vivendas de protección oficial, texto refundido aprobado polos decretos 2131/1963, do 24 de xullo, e 3964/1964, do 3 de decembro.

Tipo de procedemento: regularización de situacións de ocupantes e cambio de réxime de vivendas de promoción pública.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Decreto 225/2000, do 13 de setembro, de regularización de situacións dos ocupantes e cambio de réxime nas vivendas de promoción pública.

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tipo de procedemento: creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios (BOE do 20 de abril).

-Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o procedemento para creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorizacións de estudios na Comunidade Autónoma de Galicia.

Consellería de Industria e Comercio.

Tipo de procedemento: autorización de explotación e investigación de hidrocarburos.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

-Real decreto 2362/1976, do 30 de xullo, Regulamento para a aplicación da Lei sobre investigación e explotación de hidrocarburos, do 27 de xuño de 1974.

Tipo de procedemento: autorización de aproveitamento de recursos mineiros da sección A.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: declaración da condición de recursos mineiros da sección B (estructuras subterráneas e xacementos non naturais) e autorización ou concesión de aproveitamento dos ditos recursos.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: concesión de aproveitamento de recursos mineiros da sección C.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: outorgamento de permisos de exploración e de investigación das seccións C e D.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: autorización de agrupacións ou concentración de concesións mineiras.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: autorización de transmisión de dereitos mineiros.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: declaración de compatibilidade de explotacións mineiras.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: autorización de suspensión de traballos mineiros.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

-Real decreto 863/1985, do 2 de abril, Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

Tipo de procedemento: aprobación de proxectos de instalacións mineiras.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 863/1985, do 2 de abril, Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

Tipo de procedemento: declaración da condición de mineromedicinal ou termal das augas e recoñecemento do dereito á utilización de tal denominación. Autorización ou concesión de aproveitamento de augas mineromedicinais ou termais.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

-Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineromedicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tipo de procedemento: declaración das condicións de mineroindustrial, mineronatural ou de manancial das augas e recoñecemento á utilización de tales denominacións. Autorización ou concesión de aproveitamento das augas mineroindustriais, mineronaturais ou de manancial.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

-Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tipo de procedemento: outorgamento de demasías.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: concursos públicos en materia de minas.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: intrusións e deslindamentos.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: autorización de instalacións de producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Sentido do silencio: negativo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas, modificada pola Lei 54 /1980, do 5 de novembro.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: recoñecemento da condición de instalación acollida ó réxime especial de producción eléctrica.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

-Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre producción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos ou coxeración.

Tipo de procedemento: autorización de instalacións de transporte ou de almacenamento de productos petrolíferos, cando estas últimas presten servicio a operadores, así como de instalacións de venda ó público de carburantes e combustibles petrolíferos de automoción.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

-Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, Regulamento de instalacións petrolíferas.

-Real decreto 1905/1995, do 24 de novembro, Regulamento para a distribución ó retallo de carburantes e combustibles petrolíferos en instalacións de venda ó público.

Tipo de procedemento: autorización da actividade de distribución ó retallo de productos petrolíferos e de gases licuados do petróleo (GLP) a granel.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

-Real decreto 1905/1995, do 24 de novembro, Regulamento para a distribución ó retallo de carburantes e combustibles petrolíferos en instalacións de venda ó público.

-Real decreto 1085/1992, do 11 de setembro, Regulamento da actividade de distribución de gases licuados do petróleo.

Tipo de procedemento: autorización de instalacións de almacenamento, transporte e distribución de gas natural e de almacenamento e distribución de GLP, combustibles gasosos manufacturados e sintéticos e de mestura de gases e aire para subministración por canalización.

Sentido do silencio: negativo.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Normativa reguladora: Lei estatal 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

-Decreto 2913/1973, do 26 de outubro, Regulamento xeral do servicio público de gases combustibles.

Tipo de procedemento: autorización da actividade de transporte, distribución e comercialización de gas natural e combustibles gasosos por canalización.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

-Decreto 2913/1973, do 26 de outubro, Regulamento xeral do servicio público de gases combustibles.

Tipo de procedemento: autorización de voaduras tipo e especiais.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 863/1985, do 2 de abril, Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

-Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, Regulamento de explosivos.

Tipo de procedemento: autorización de maquinaria móbil mineira.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 863/1985, do 2 de abril, Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

Tipo de procedemento: establecemento de beneficios mineiros.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Lei estatal 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

-Real decreto 2857/1978, do 25 de agosto, Regulamento xeral para o réxime da minería.

Tipo de procedemento: carnés profesionais no ámbito mineiro.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Real decreto 863/1985, do 2 de abril, Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Tipo de procedemento: autorización ás cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia para actos de disposición sobre inmobles e celebración de operacións de crédito.

Sentido do silencio: negativo.

Normativa reguladora: Decreto 1291/1974, do 2 de maio, Regulamento xeral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

Tipo de procedemento: aprobación de plans eólicos estratéxicos.

Sentido do silencio: negativo.

